

ACTA N 2020/11
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
05.06.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

.....	1
A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES :.....	3
PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.....	3
B) EXPEDIENTES URBANÍSTICOS :.....	3
PUNTO SEGUNDO. DECLARACIÓN DE INNCESSARIEDADE DE LICENZA DE PARCELACIÓN .	3
PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE OBRA.....	5
PUNTO CUARTO. MODIFICACIÓNS DE LICENZAS DE OBRA.....	20
PUNTO QUINTO. PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA	23
PUNTO SEXTO. LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.....	25
C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN :.....	29
PUNTO SÉTIMO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA DE REXENERACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE BERTAMIRÁNS DO CONCELLO DE AMES.....	29
FÓRA DE ORDE.....	31
PUNTO OITAVO. APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS CAMPAMENTOS URBANOS DE NATUREZA DO CONCELLO DE AMES.....	31

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 05 DE XUÑO DE 2020.

En sesión telemática, sendo as nove horas e quince minutos (09:15 h) do día cinco (05) de xuño de dous mil vinte (2020), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Luísa Feijóo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Asisten a interventora, Margarita Fernández Sobrino, e a tesoureira, Olga Castro Fernández.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES :

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, **ordinaria do 13.03.2020**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno local.

B) EXPEDIENTES URBANÍSTICOS :

PUNTO SEGUNDO. DECLARACIÓN DE INNESARIEDADE DE LICENZA DE PARCELACIÓN .

Expediente: 2019/U018/0000

Dase conta da solicitude achegada por [REDACTED] co NIF [REDACTED], de licenza para a división da parcela sita no **Lugar de Coira**, Parroquia de Biduído, Santa María, en Ames, finca rexistral [REDACTED], -referencia catastral: [REDACTED] - .

Figura no expediente proxecto suscrito polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira (colexiado 1781), e posteriores correccións do mesmo.

O derradeiro proxecto corrixido achegado para a tramitación da presente solicitude, está datado do 23.03.2020 (registro de entrada: [REDACTED] do 04.04.2020).

Clasificación do solo polo PXOM:

Solo de núcleo rural e solo rústico de especial protección forestal. Parcela dividida polo PXOM en dúas clases de solo.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia no seu artigo 150, establece o réxime de parcelacións, concretamente o punto 6.c), recolle como un dos supostos de innecesariedade do outorgamento de licenza , cando a división ou segregación sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe, como é o caso

que nos ocupa, por ser distinta a clasificación das dúas parcelas de resultado: unha solo de núcleo rural tradicional e a outra solo rústico.

Respecto á parcela de resultado clasificada coma de núcleo rural, o artigo 24 da LSG dispón que cando se pretenda parcelar nesta clase de solo, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a regularización do viario preciso.

Descrición e estado actual da parcela de Referencia catastral: 15002A515003240000BO


“Finca número 324 da Concentración Parcelaria de Biduido - Bugallido, ao sitio de “Agra”, destinada a monte, dunha superficie de trinta e sete áreas e oitenta e catro centiáreas (3.784 m²), que linda: Norte, María Rodríguez Domínguez (321) e Antonio Suárez González (323); Sur, outra de esta herdanza, hoxe Manuel Jesús García Suárez (325); Este, camiño e Oeste, camiño e María Rodríguez Domínguez (321).

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira, Tomo 1626, Libro 649, Folio 33, Finca 37947

Título: Pertencelle a don Manuel Jesús García Suárez en virtude de escritura pública de aceptación e adjudicación parcial de herdanza ante Notario de Teo don Carlos Sebastián Lapido Alonso, o vinte e un de outubro de 2019, protocolo 1279.

Esta propiedade, é obxecto de división polo vixente PXOM no concello de Ames, xa que establece dúas clasificacións urbanísticas diferenciadas, segundo reflicte a superposición do PXOM coa parcela aportada Deste xeito a parte leste da finca aportada está contida en solo cualificado polo PXOM vixente coma Solo Rústico de Especial Protección Forestal e a parte Oeste é núcleo rural no lugar de Coira (solo de núcleo rural disperso), segundo consta na superposición do plano de clasificación do solo co levantamento que asina o enxeñeiro técnica agrícola Francisco Calo Abelleira e se corresponde co cadro seguinte:

Parcelas de resultado	Superficie bruta	Cesión viais	Superficie Neta	Cualificación urbanística
██████	████████	████████	████████	████████████████████
██████	████████	██	████████	████████████████████
██████	████████	████████	████████	



Figuran abonadas taxas en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 129,14 euros segundo se detalla:

Parcelación finca referencia catastral 15002A515003240000BO, rexistral 37947		
2 parcelas resultantes x	64,57 €/ parcela resultante	129,14 €
TOTAL TAXAS ABOADAS (17/12/2019)		129,14 €

Figuran informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Declarar a **innecesariedade** do outorgamento de licenza para a división da parcela coa referencia catastral número [REDACTED], no Lugar de Coira, Parroquia de Biduído, solicitada por [REDACTED], consecuencia do outorgamento polo planeamento de distinta clasificación da parcela de orixe (Clasificación PXOM: Solo de núcleo rural e solo rústico de especial protección forestal), e pola que resultarían dúas parcelas, segundo documentación técnica suscrita polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira (colexiado 1781) e o informe suscrito pola arquitecta municipal.

Segundo. Autorizar a división dos terreos destinados a regularización do viario, cunha superficie total de 206,00 m² - correspondentes á parcela RFM-A - a efectos do cumprimento da obriga de cesión ao Concello do artigo 24 LSG, cesión que condiciona a presente declaración e que deberá formalizarse en documento público que deberá achegarse, cando máis, coas solicitudes de licenza de edificación.

A efectos de realizar a devandita cesión para regularización do viario público, a franxa de cesión deberá atoparse libre de cargas e gravames. Así mesmo, deberá atoparse libre de calquera instalación, construción ou elementos que impidan o destino efectivo para viario, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello namentres non se cumpra o anterior.

Así mesmo, coa solicitude de aceptación de cesión, achegarase a validación gráfica alternativa correspondente á división que resulta da presente declaración de innecesariedade.

Terceiro. Lémbrese a obriga legal de formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación de división resultante do presente acto.

Cuarto. Notificar aos interesados o presente acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O acordo pon fin á vía administrativa.

Quinto. Dar traslado do presente acordo á aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE OBRA.

1. Expediente:2019/U022/0000 [REDACTED]

Dáse conta da solicitude de **licenza de obra** achegada por [REDACTED], para a construción dunha **vivenda unifamiliar** illada de planta baixa con garaxe anexo e peche, a executar na parcela con referencia catastral 2050812NH3425S0000GP- situada no Lugar de **Framil**, Parroquia de Biduído (Santa María), Ames.

A dita parcela, é a parcela D resultante da parcelación da finca coa referencia catastral [REDACTED], en 8 novas parcelas de resultado, autorizada pola Xunta de Goberno local do 28.12.2017, (expediente [REDACTED]).

Figura no expediente proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, visado do 12.04.2019, que incorpora estudo de seguridade e saúde e certificación enerxética de proxecto, redactado polo arquitecto Jesús M Carrillo Pena (colexiado nº1.586).

Figura cumprimento da obriga de cesións, mediante escritura de segregación e cesión para viais de 15 de febreiro do 2018, outorgada ante a Notaria Inmaculada Espiñeira Soto (protocolo número 330) e posterior aceptación por resolución de Alcaldía do 27 de xullo do 2018 (Decreto 1661/2018).

Datos básicos da licenza a outorgar:

- Cualificación urbanística do solo polo PXOM: Núcleo rural disperso de Framil.
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: vivenda unifamiliar illada de planta baixa con garaxe anexo. Incorpora peches. Residencial.
- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m. Ocupación máxima 30 %.
- Superficie construída : 252,33m²
- Presuposto de execución material: [REDACTED] euros.
- Situación e emprazamento das obras: Lugar de Lugar de Framil, Parroquia de Biduído (Santa María), Ames. Referencia Catastral [REDACTED]
- Nome ou razón social do promotor: [REDACTED]
- Técnico autor do proxecto e director de obra: arquitecto Jesús M Carrillo Pena (colexiado nº1.586).
- Director/a de execución e coordinador/a de seguridade e saúde: Jesús Manuel Esturao Pena (colexiado 2162).

Figuran abonadas taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 279,39 euros segundo se detalla:

Superficie construída vivenda unifamiliar (252,33 m ²)		
200,00 m ²	0,33 €/m ²	66,00 €
52,33 m ²	1,61 €/m ²	84,25 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
TAXAS ABOADAS (15/04/2019)		279,39 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, **licenza de obra** a [REDACTED] para a construción dunha **vivenda unifamiliar** illada de planta baixa con garaxe anexo, que incorpora peches, na parcela con referencia catastral [REDACTED] - situada no **Lugar de Framil**, Parroquia de

Biduído (Santa María), Ames, parcela D resultante da parcelación autorizada en Xunta de Goberno local do [REDACTED] (expediente [REDACTED]).

As obras executaranse segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena (colexiado núm. 1586), visado do 12.04.2019.

Segundo. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das condicións:

As sinaladas pola arquitecta municipal:

1. Establécese un aval como garante da reposición e acondicionamento de danos na vía e nos servizos a achegar antes do inicio das obras, por importe de 3.600 euros.
2. Aportará plano de emprazamento xeorreferenciado en formato dwg, dxf ou similar.
3. Conectará cos servizos existentes no fronte da finca en cumprimento do establecido na lei do solo vixente cuidando de non acometer coas augas pluviais á rede de fecais, e vertido de pluviais pola disposición dun correcto drenaxe na propia finca coa previsión de entubado do tramo de fronte e acondicionará a ampliación de vía para o uso público chegando á cota da calzada, canalizando a cuneta e dispoñendo canle para o paso das augas de escorrenta da cuneta baixo firme, co pavimento que contará cunha solución de previsible boa resistencia no tempo que non dificulte mantemento evitando grava solta para tránsito de vehículos.
4. Recuarán postes da superficie de cesión, no seu caso, e reporá elementos deteriorados.
5. Non se alterará a rasante natural do terreo nos lindes da parcela.
6. Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.
7. Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
8. Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
9. Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
10. Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

11. Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
12. Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concedeu a licenza de obra 2019/U022/000018.

Terceiro. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de [REDACTED]

[REDACTED]
[REDACTED] €

Quinto. Notificar o presente acordo aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2. Expediente : 2019/U022/000 [REDACTED]

Dáse conta da solicitude de **licenza de obra** achegada por [REDACTED] co NIF núm. [REDACTED] para a construción dunha **vivenda unifamiliar e peche** de parcela, na finca rexistral 14.523, con referencia catastral [REDACTED], situada na Avda. Juan Bueno Bueno, **Lugar de [REDACTED]**, Parroquia de Ortoño (San Xoán), en Ames.

Figura no expediente proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada, redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena (colexiado 1586), visado de 02.07.2019.

Figura ademais, entre outra documentación, autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, resolución favorable de 20.11.2019 (Is: 2206/1), con rexistro entrada: [REDACTED], de 21.11.2019), que establece como condición a seguinte: *“as fachadas quedarán rematadas pintadas nunha cor da gama dos brancos ou area clara”*.

Datos da licenza que se autoriza:

- Cualificación urbanística do solo polo PXOM: Solo de Núcleo Rural Disperso.
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: vivenda unifamiliar, inclúe peche.
- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m.Ocupación máxima 30 %.
- Superficie construída : 185,09 m² .
- Presuposto de execución material: [REDACTED] euros.
- Situación e emprazamento das obras: Avda. Juan Bueno Bueno, Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ortoño (San Xoán). Ames. Referencia Catastral [REDACTED]
- Nome ou razón social do promotor: [REDACTED]
- Técnico autor do proxecto e director de obra: Jesús M. Carrillo Pena, arquitecto (colexiado 1586).
- Director de execución: J. Ubaldo López Leiceaga (COAAT AC 2087).
- Director/a coordinador/a de seguridade e saúde: a aportar polos promotores antes do comezo das obras.
- Contratista: a aportar polos promotores antes do comezo das obras.

En base aos informes técnico e xurídico que obran no expediente, e en canto ao cumprimento da obriga de cesión de balde de terreos para viarios ao Concello e de conexión cos servizos existentes (artigo. 24.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia), cómpre sinalar o seguinte:

1.Superficie de cesión:

A superficie da parcela que figura no catastro, coincide coa superficie da parcela neta.

Na documentación achegada como nota informativa do rexistro da propiedade (por rexistro entrada núm: [REDACTED]), figura a superficie bruta, sen que figure realizada a cesión dun xeito formal, sendo a superficie de cesión 108,00 m², como se detalla no informe técnico:

“Cesións para ampliación de viais

<i>Parcela Bruta (verdadeira medición e título)</i>	<i>Cesión viais(xa beirarrúa)</i>	<i>Sup. Neta (coincidente catastro)</i>
3.415,00m ²	108m ²	3.307m ²

“

2.Formalización da cesión:

A formalización en documento público da cesión de terreos para regularización de viario, corresponde a quen ostente a condición de propietario/a, e así se acredite, para posterior aceptación polo Concello, que no caso da licenza que nos ocupa non coincide co promotor da obra, mais que non impide a concesión da presente licenza de obra, ao concederse esta a salvo o dereito de propiedade.

3. Facultación para construír no solar:

Cómpre lembrar nembargantes, a obriga do promotor das obras de ostentar sobre o solar a titularidade dun dereito que lle faculte para construír nel (art. 9.2 a) Lei 38/1999 de Ordenación da edificación, LOE.)

Figuran abonadas taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 193,71 euros segundo se detalla:

Superficie construída (185,09 m ²)		
185,09 m ²	0,33 €/m ²	61,08 €
Taxa mínima		64,57 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
TOTAL TAXAS		193,71 €
TAXAS ABOADAS (04/07/2019)		193,71 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, **licenza de obra** solicitada por [REDACTED] para construción de **vivenda unifamiliar e peche** de parcela, a executar na finca rexistral 14.523, referencia catastral [REDACTED], sita na Avda. Juan Bueno Bueno, **Lugar de [REDACTED]**, Parroquia de Ortoño (San Xoán), Ames segundo o proxecto redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena (COAG 1586), data de visado de 02.07.2019

Segundo. Autorizar a segregación a efectos do cumprimento da obriga de cesión para regularización do viario público do artigo 24.2 LSG, dunha superficie total de 108,00 m², cesión que deberá formalizarse en documento público que se achegará, cando mais, con carácter previo á obtención da licenza de primeira ocupación.

A cesión efectuarase polo propietario/a da parcela e, no momento de efectuala, a parcela deberá atoparse libre de cargas e gravames incompatibles co referido destino do espazo de cesión, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello mentres non se cumpra o anterior.

Terceiro. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

As recollidas na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia (expediente: 2206/19) de 20.11.2019 (registro entrada: [REDACTED]):

1. -As fachadas quedarán rematadas pintadas nunha cor da gama dos brancos ou area clara.

As sinaladas pola arquitecta municipal:

2. -Establécese un aval a presentar antes do inicio da obra, garante da reposición de danos na vía, por importe de 3.900 euros.
3. -Conectará cos servizos de saneamento e auga potable municipais existentes na vía. Coidarán en especial de non conectar as pluviais á rede de fecais.
4. -Eventuais perfilados/ explanacións na parcela non modificarán o terreo no contacto cos predios lindantes.
5. -Deberán repor a beirarrúa que discorre pola fronte da parcela de resultar danada e consecuencia da obriga de conexións aos servizos.
6. -Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello O

propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.

7. -Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.

8. -Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.

9. -Ao remate das obras o propietario porao en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

10. -Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

11. -Presentarase antes do inicio das obras oficio de coordinación de seguridade e saúde visado polo colexio profesional correspondente.

Lémbrense as seguintes obrigas legais:

12. -Unha das obrigas dos promotores das obras é a de ostentar sobre o solar a titularidade dun dereito que lle faculte para construír nel (art. 9.2 a) da Lei 38/1999 de Ordenación da edificación (LOE).

13. -Os condutores de camiões e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.

14. -Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a presente licenza de obra expte.

Terceiro. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de [REDACTED]

[REDACTED]

[REDACTED] €.

Quinto. Notificar o presente acordo aos interesados, co réxime de recursos que proceda.

Sexto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

3. Expediente: 2019/U022/0000 [REDACTED]

Dáse conta da solicitude de licenza de obra achegada por [REDACTED] para a construción dunha **vivenda unifamiliar e peche**, a executar na parcela con referencia catastral [REDACTED], situada no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Bugallido (San Pedro), Ames.

A parcela de referencia correspóndese coa parcela de resultado nomeada "Finca 1222-B", da parcelación autorizada pola Xunta de Goberno Local do [REDACTED] a Construcciones Miguel Casal S.L., NIF núm. B-15361504, para a parcelación das fincas núm. 1221 e 1222 de concentración parcelaria da zona de Biduído-Bugallido II, en seis novas parcelas. (Expediente: [REDACTED]).

Figura no expediente proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, visado do 19.02.2019 con garaxe anexo e peches de parcela, redactado polo arquitecto Javier Fernández

Echeverría, colexiado 1.969.

Datos básicos da licenza a outorgar:

- Cualificación urbanística do solo polo PXOM: Solo de Núcleo Rural Disperso.
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: uso residencial. Vivenda unifamiliar illada de planta baixa e soto. Incorpora peches.
- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m. Ocupación máxima 30 %.
- Superficie construída: 362,20m²
- Presuposto de execución material: ██████████ euros.
- Situación e emprazamento das obras: Lugar de ██████████, Parroquia de Bugallido (San Pedro). Referencia Catastral ██████████.
- Nome ou razón social do promotor: ██████████
- Técnico autor do proxecto e director de obra: Francisco Javier Fernández Echeverría, arquitecto (COAG 1969).
- Director/a de execución e coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas (COAAT 2653).
- Contratista: a aportar polos promotores antes do comezo das obras.

En canto ao deber dos propietarios de solo de núcleo rural de ceder de balde ao Concello os terreos necesarios para a regularización do viario, artigo. 24 da Lei do Solo de Galicia, sinalar que conforme se detalle no informe da asesoría xurídica de urbanismo, no presente caso, o dito deber de cesión formalizouse mediante escritura de segregacións, agregación, compravenda, cesións gratuítas e constitución de servidumes do 07 de xuño do 2016, outorgada ante o notario Francisco López Moledo (protocolo número ██████████) e posterior aceptación por resolución de alcaldía do 30 de xaneiro do 2019, Decreto ██████████/2019.

A superficie de cesión para viais aceptada polo concello e que correspondente á parcela de resultado "finca 1222-B" que nos ocupa, é de 94m², conforme se detalla na licenza de segregación de referencia e así se sinala no informe da arquitecta municipal:

"Cesións para ampliación de viais (aceptación de cesión D.236/19 de 30-1-2019)

Parcela Bruta	Cesión viais	Superficie Neta
1000m ²	94m ²	906,00m ²

“

Figuran taxas abonadas en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 456,28 euros segundo se detalla:

Superficie construída vivenda unifamiliar (362.20 m ²)		
200.00 m ²	0.33 €/m ²	66.00 €
162.20 m ²	1.61 €/m ²	261.14 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129.14 €
TAXAS ABOADAS (18/03/2019)		456,28 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a E [REDACTED], para construción de **vivenda unifamiliar e peche**, na parcela de resultado nomeada “Finca 1222-B”, resultante da parcelación autorizada pola Xunta de Goberno Local o 26.05.2016, con referencia catastral [REDACTED], situada no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Bugallido (San Pedro), en Ames.

A obra executarase conforme ao proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría (colexiado 1969), visado do 19.02.2019.

Segundo. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións :

As sinaladas pola arquitecta municipal:

- 1.-Establécese un aval a achegar antes do inicio das obras, como importe garante da reposición e acondicionamento de danos na vía e nos servizos, por importe de 1.300 euros.
- 2.-Conectará cos servizos de saneamento e auga potable en execución (licencia 46/2016) coidando de non acometer coas augas pluviais á rede de fecais, e vertido de pluviais pola disposición dun correcto drenaxe na propia finca pero coa previsión de soterramento e entubado do tramo de fronte imprescindible polo tipo de pavimento rodado ao fronte (zahorra compactada) con canle suficiente para permitir o paso da auga de escorrenta. Reporán os elementos que se deteriorenen polas obras e acondicionarán a conexión e ampliación de vía en relación ao entorno segundo o exposto.
- 3.-Non alterarán a rasante natural do terreo nos lindes da parcela.
- 4.-Se o director dunha obra deixe de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.
- 5.-Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
- 6.-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
- 7.-Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
- 8.-Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

Lémbranse as seguintes obrigas legais:

- 9.-Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
- 10.-Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concedeu a licenza de obra [REDACTED].

Terceiro. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de [REDACTED]

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED] €

Quinto. Notificar o presente acordo aos interesados con indicación do réxime de recursos que proceda.

Sexto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

4. Expediente: 2019/U022/0000 [REDACTED]

Dáse conta da solicitude de **licenza de obra** achegada por [REDACTED] co NIF [REDACTED], para a **rehabilitación de vivenda unifamiliar** sita na parcela coa referencia catastral [REDACTED] no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Agrón (San Lorenzo), Ames.

Figura no expediente proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada, redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez (COAG 3.334), visado do 14.03.2019.

Figura ademais, autorización das ditas obras de rehabilitación, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, da resolución favorable do 18.09.2019 (expediente [REDACTED]/2019).

Datos básicos da licenza a outorgar:

- Cualificación urbanística do solo polo PXOM. Solo de Núcleo Rural Tradicional.
- Finalidade da actuación e uso ao que se destinará a construción: Residencial. vivenda unifamiliar.
- Número de plantas autorizadas: planta baixa e baixo cuberta.
- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m. Ocupación máxima 50 %.
- Superficie construída: 178,18m²
- Presuposto de execución material: [REDACTED].
- Situación e emprazamento das obras: Lugar de [REDACTED] Parroquia de Agrón (San Lourenzo). Referencia Catastral [REDACTED]
- Nome ou razón social do promotor: [REDACTED].
- Técnico autor do proxecto e director de obra: Juan Sebastián Lareo Sánchez (COAG 3.334)
- Dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde: Alexandre Marcos Rodríguez (COAATAC 2731).

Figuran abonadas taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 193,71 euros segundo se detalla:

Superficie rehabilitada ou ampliada (178,18 m ²)		
178,18 m ²	0,33 €/m ²	58,80 €
Taxa mínima		64,57 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
TOTAL TAXAS		193,71 €
TOTAL TAXAS ABOADAS (28/03/2019)		193,71 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED], para a **rehabilitación de vivenda unifamiliar** emprazada na parcela coa referencia catastral [REDACTED] Lugar de [REDACTED] **Parroquia de Agrón** (San Lorenzo), Ames, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez (colexiado 3334) visado do 14.03.2019.

Segundo. Autorizar a segregación a efectos do cumprimento da obriga de cesión do artigo 24.2 LSG, dunha superficie total de 39,58 m², cesión que deberá formalizarse en documento público que se achegará, cando mais, con carácter previo á obtención da licenza de primeira ocupación.

No momento de efectuar a devandita cesión para a regularización do viario público, a parcela deberá atoparse libre de cargas e gravames incompatibles co referido destino do espazo de cesión, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello mentres non se cumpra o anterior.

Terceiro. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

-As sinaladas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, resolución do 18.09.2019, (expediente [REDACTED]/2019).

As sinaladas pola arquitecta municipal:

1. Establécese un aval a presentar antes do inicio da obra, garante da reposición de danos na vía, conexión dos servizos e acondicionamento, por importe de 1000,00 euros.
2. Dado que non existen redes de saneamento nin auga potable municipais, o proxecto prevé cun pozo e unha fosa séptica o autoabastecemento. Acreditarán a tramitación correspondente destas instalacións aos efectos con carácter previo á primeira ocupación.
3. Eventuais explanacións na parcela non modificarán o terreo no contacto cos predios lindantes.
4. Deberán repor os elementos que se deterioreen polas obras e acondicionar a conexión e ampliación de vía en relación ao entorno.
5. Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.
6. Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
7. Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorrarse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
8. Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
9. Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

10. Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
11. Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do

inmable derivada da actuación para a que se concede a licenza de obra [REDACTED].

Terceiro. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de [REDACTED] €.

Quinto. Notificar o presente acordo aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

5. Expediente: 2019/U022/0000 [REDACTED].

Dáse conta/figura da solicitude de licenza de obra achegada por [REDACTED] co NIF núm. [REDACTED], para a **rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar**, a executar na parcela coa referencia catastral [REDACTED], situada no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Biduído (Santa María), Ames.

Figura no expediente proxecto básico de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Framil. redactado polo arquitecto: Sergio Remacha Veciño, arquitecto nº4.269 do COAG, sen visado, datado en abril 2019. Figura ademais, documentación acreditativa da titularidade. (registro de entrada. [REDACTED], de 16.07.2019).

En canto aos terreos necesarios para a regularización do viario, que deberán ceder de balde ao Concello os propietarios de solo de núcleo rural, en base ao artigo. 24 da Lei do Solo de Galicia, consígnase o seguinte detalle no informe da arquitecta municipal :

Parcela Bruta	Cesión viais(*)	Superficie Neta
1.031,00m ²	31,47m ²	999,53m ²

Datos básicos da licenza a outorgar:

- Cualificación urbanística do solo polo PXOM: Solo de Núcleo Rural Tradicional.
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: vivenda unifamiliar. Rehabilitación e ampliación de vivenda existente. Planta baixa e primeira planta.
- Superficie rehabilitada ou ampliada : 259,13m².
- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m. Ocupación máxima 50 %.
- Presuposto de execución material: [REDACTED] euros.
- Situación e emprazamento das obras: Lugar de [REDACTED] Parroquia de Biduído (Santa María), Ames. Referencia Catastral [REDACTED]
- Nome ou razón social dos promotores: [REDACTED]

- Técnico autor do proxecto e director de obra: Sergio Remacha Veciño (COAG 4269).
- Contratista: a aportar polos promotores antes do comezo das obras.

Figuran taxas abonadas en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 290,34 euros segundo se detalla:

Superficie rehabilitada ou ampliada (259,13 m ²)		
200,00 m ²	0,33 €/m ²	66,00 €
59,13 m ²	1,61 €/m ²	95,20 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
TOTAL TAXAS		290,34 €
TOTAL TAXAS ABOADAS		290,34 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED], para **rehabilitación e ampliación de vivenda** unifamiliar a executar na parcela coa referencia catastral [REDACTED], situada no Lugar de [REDACTED] Parroquia de Biduído (Santa María), Ames, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Sergio Remacha Veciño (COAG 4269).

Segundo. Autorizar a segregación a efectos do cumprimento da obriga de cesión do artigo 24.2 Lei do Solo de Galicia, dunha superficie de 31,47 m². A cesión deberá formalizarse en documento público que se achegará, cando máis, con carácter previo á obtención da licenza de primeira ocupación.

No momento de efectuar a devandita cesión para a regularización do viario público, a parcela deberá atoparse libre de cargas e gravames incompatibles co referido destino do espazo de cesión, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello mentres non se cumpra o anterior.

Terceiro. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

As sinaladas pola arquitecta municipal:

1. -Achegarase un aval antes do inicio das obras, como garante da reposición de danos na vía, conexión dos servizos e acondicionamento [REDACTED] euros.
2. -Aportará antes do inicio das obras o proxecto de execución completo (que incorpore estudo de seguridade e saúde e certificación enerxética de proxecto) e tamén oficios de dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde visados polo colexio profesional correspondente.
3. -Conectará cos servizos de saneamento e auga potable municipais existentes na vía. Non conectarán as pluviais á rede de fecais.
4. -Eventuais explanacións na parcela non modificarán o terreo no contacto cos predios lindantes.
5. -Deberán repor os elementos que se deterioren polas obras e acondicionar a conexión e ampliación de vía en relación ao entorno, en tramos sen beirarrúas disporán canle suficiente

para permitir o paso da auga de escorrenta da cuneta baixo firme e garantirán a conexión. Os pavimentos sobre dita canalización contarán a lo menos cunha solución de previsible boa resistencia no tempo e que non dificulte o mantemento (formigón ou aglomerado) evitando superficies de grava solta para tránsito de vehículos. Recuarán postes e liñas aéreas da superficie de cesión, no seu caso.

6. -Se o director dunha obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.

7. -Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.

8. -Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.

9. -Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

10. -Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

Lémbrense as seguintes obrigas legais:

11. -Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.

12. -Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a licenza de obra

Cuarto. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Quinto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de

_____ euros.

Quinto. Notificar o presente acordo aos interesados con indicación do réxime de recursos que proceda, ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Sexto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

6.Expediente : 2018/U022/0000_____.

Dáse conta da solicitude de licenza de obra achegada por _____ con NIF núm. _____, para executar obras de **rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar**

no Lugar de [REDACTED], número 43, Parroquia de Lens (San Pelaio), Ames (referencia catastral: [REDACTED]).

Figuran posteriores achegas de documentación complementarias da solicitude, entre outras:

- Oficio de dirección de obra (registro de entrada [REDACTED] do 22.11.2019).
- Proxecto modificado de básico e de execución de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en [REDACTED] en coherencia coa autorización anterior, visado o 13.11.2019, técnico redactor, o arquitecto Eugenio Torreira Pais, colexiado 2865, (registros de entrada núm. [REDACTED] do 22.11.2019). Proxecto inicial básico previo de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en [REDACTED] de maio 2018.
- Resolución favorable ao modificado do proxecto, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data de sinatura 09.05.2019, (inf [REDACTED]/18).
- Copia de escrituras e documentación acreditativa da titularidade, xunto coa verdadeira medición recente, entendendo coma tal o plano de emprazamento do proxecto técnico, Medición xerreferenciada, pola que a superficie da propiedade é de 1.158,00m², (registro de entrada [REDACTED] do 03.02.2020), conforme detalla no seu informe a arquitecta municipal.

Datos básicos da licenza a outorgar

Cualificación urbanística do solo polo PXOM: Solo de Núcleo Rural Tradicional.

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: vivenda unifamiliar. Rehabilitación e ampliación de vivenda existente. Planta baixa e 1ª planta.

Superficie rehabilitada ou ampliada: 427,10m².

Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m. Ocupación máxima 50 %.

Presuposto de execución material: [REDACTED] €.

Situación e emprazamento das obras: Lugar de Lens, Parroquia de [REDACTED] (San Pelaio), Ames. Referencia Catastral [REDACTED]

Nome ou razón social dos promotores: [REDACTED].

Técnico autor do proxecto e director de obra : Eugenio Torreira Pais (colexiado 2865).

-Director/a de execución e coordinador/a de seguridade e saúde: a aportar polos promotores antes do comezo das obras.

- Contratista: a aportar polos promotores antes do comezo das obras.

Figuran abonadas taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, por un importe de 643,36 euros segundo se detalla na táboa seguinte, consignándose unha diferenza como importe abonado en exceso, xa que o modificado obxecto de licenza elimina o baixo cuberta polo que resultan 427,10m² de vivenda, en substitución dos 478,40 m² do proxecto inicial.

Superficie rehabilitada ou ampliada (427,10 m ²)		
200,00 m ²	0,33 €/m ²	66,00 €
227,10 m ²	1,61 €/m ²	365,63 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
TOTAL TAXAS		560,77 €
TOTAL TAXAS ABOADAS (01/06/2018)		643,36 €
DIFERENZA		82,6 €

Para a devolución do dito importe, no caso de que resultase ser procedente, o interesado deberá solicitar a rectificación da autoliquidación, segundo o formulario de solicitude de rectificación que, a tal efecto, se lle achegará.

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED] para **rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar** sita na parcela coa referencia catastral número [REDACTED], no **Lugar de [REDACTED]** Parroquia de Lens (San Pelaio), segundo o proxecto modificado básico e de execución de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, visado o 13.11.2019, redactado polo o arquitecto Eugenio Torreira Pais (colexiado 2865), autorizado por resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (inf [REDACTED]/18) de 09.05.2019.

Segundo. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

As sinaladas pola arquitecta municipal

1. - Achegarase un aval antes do inicio das obras como garante da reposición de danos na vía, conexión dos servizos e acondicionamento, por importe de 1.500 euros.
2. -Aportará antes do inicio das obras os oficios de dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde visados polo colexio profesional correspondente.
3. -Conectará cos servizos de saneamento e auga potable municipais existentes. Non conectarán as pluviais á rede de fecais.
4. -Eventuais explanacións na parcela non modificarán o terreo no contacto cos predios lindantes.
5. -Deberán repor os elementos que se deteriorenen polas obras.
6. -Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.
7. -Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
8. -Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
9. -Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
10. -Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

Lémbranse así mesmo as seguintes obrigas legais:

11. -Os condutores de camiões e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
12. -Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a licenza de obra [REDACTED].

Terceiro. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de [REDACTED]

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a modificación da licenza, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a [REDACTED], a **modificación da licenza de obras**, que fora outorgada pola Xunta de Goberno local do [REDACTED].2018 para a construción de **vivenda unifamiliar** illada de planta baixa con garaxe (expediente: [REDACTED]), na parcela con referencia catastral [REDACTED], sita no Lugar de [REDACTED] Parroquia de Ortoño (San Xoán), Ames.

A modificación que agora se autoriza, consiste nun incremento da superficie total construída, pasando de [REDACTED], segundo modificado do proxecto redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez (colexiado 2495), visado 14.08.2019.

A dita modificación mantén o cumprimento dos parámetros urbanísticos de aplicación xa que a edificabilidade é inferior á autorizable e non se altera a ocupación.

Segundo. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das condicións impostas na licenza de obra outorgada anteriormente (expediente: [REDACTED]), e informe subscrito pola arquitecta municipal favorable á modificación.

Terceiro. Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concedeu a licenza de obra [REDACTED] e modificación do proxecto daquela que agora se autoriza.

Cuarto. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Quinto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de seiscentos cincuenta e sete euros con sesenta e tres céntimos de euro (657,63 €) de acordo co seguinte detalle:

	Orzamento de Execución Material	Liquidación provisoria do ICIO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]

Sexto. Notificar o presente acordo aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2. Expediente: 2019/U022/0000 [REDACTED]

A Xunta de Goberno Local do [REDACTED].2019, outorgou a [REDACTED], NIF [REDACTED], licenza de obras para a construción de **vivenda unifamiliar illada en planta baixa**

e semisoto e peche que é tamén contención ao fronte, na parcela de resultado Nº 2, resultante da parcelación para a que se concedeu licenza o 20.12.2012 (expte. █/2012) referencia catastral █, finca rexistral █, situada no Lugar de █, Parroquia de Ameixenda. (Expediente: █).

Con data 03.04.2019 (Re núm. █) o interesado solicita modificación da licenza, consistente no incremento da superficie total construída.

Figura no expediente proxecto modificado de básico e de execución para a construción de vivenda unifamiliar illada en planta baixa e semisoto e peche que é tamén contención ao fronte, visado 26.03.2019, Técnicos redactor Antonio Sabucedo Costa. (COAG 1980),

A modificación do proxecto consiste nun incremento da superficie do semisoto en █
█ conforme detalla a arquitecta municipal:

	Sup. Construída total	Orzamento EM proxecto
Vivenda unifamiliar aislada en planta baixa e semisoto. Incorpora peche que é tamén contención ao fronte.	█	█

Figuran ademais do proxecto modificado básico e de execución, os oficios requiridos de dirección de execución e de coordinación de seguridade e saúde.

Cumprimento da obriga dos propietarios de solo de núcleo rural de cesión de balde ao concello dos terreos necesarios para a regularización do viario, neste casos non procede esixir o cumprimento do devandito deber, pois, a superficie da parcela sobre a que se constrúe é parcela neta segundo así desprendeuse do correspondente título de propiedade, xa detraída a superficie de cesión para viario, e coincidente co Catastro.

Figura ingreso realizado en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas por importe de 193,71 € segundo se detalla:

Superficie construída (180,60 m ²)		
180,60 m ²	0,33 €/m ²	59,60 €
Taxa mínima		64,57 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
TOTAL TAXAS		193,71 €
TAXAS ABOADAS (03/04/20219)		193,71 €

Neste suposto, conforme se indica no informe da asesora xurídica, non procedería de novo o abono da taxa correspondente ao cartel de obra, ao xa contar co cartel da licenza de obra ao inicio desta e non afectar a presente modificación aos datos consignados naquel.

Para a devolución do importe abonado en exceso, con carácter previo deberá solicitar a rectificación da autoliquidación segundo o formulario de solicitude de rectificación que, a tal efecto, se lle achegue coa notificación do presente acto.

Figuran no expediente informes favorables á modificación, da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a modificación da licenza, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Autorizar, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a [REDACTED] a **modificación da licenza** de obras que fora outorgada pola Xunta de Goberno local do 21.02.2019, para a construción de **vivenda unifamiliar** illada en planta baixa e semisoto e peche (expediente [REDACTED], na parcela coa referencia catastral [REDACTED] finca rexistral [REDACTED], no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ameixenda (Santa Mariña), Ames.

A modificación que agora se autoriza, consiste nunha modificación do proxecto, que supón un incremento da superficie [REDACTED], segundo o proxecto modificado do básico e de execución redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa (COAG 1980), visado o 26.03.2019.

A dita modificación mantén o cumprimento dos parámetros urbanísticos de aplicación xa que a edificabilidade é inferior á autorizable e non se altera a ocupación.

Segundo .A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das condicións impostas na licenza de obra outorgada o [REDACTED] 2019 (expediente: [REDACTED]) e informe suscrito pola arquitecta municipal favorable á modificación.

Terceiro. Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a presente licenza de obra.

Cuarto. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Quinto. Notificar o presente acordo aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO. PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA .

1. Expediente: 2019/U003/0000 [REDACTED]

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, o [REDACTED] 2016, concedeu licenza de obra a [REDACTED], para a **demolición parcial e rehabilitación de vivenda unifamiliar**, sita no Lugar de [REDACTED], Parroquia de Ames (Santo Tomé) en Ames, referencia catastral [REDACTED].

Con data 29.08.2019 (rexistro de entrada. **201900400000731**), o interesado solicita prórroga da dita licenza de obras.

En canto ás consideracións legais nas que se fundamenta a concesión da prórroga, sinalar o seguinte, conforme se detalla nos informes que obran no expediente :

“ O art. 259.3 do Decreto 143/2016 polo que apróbase o Regulamento da Lei do Solo de Galicia contempla a posibilidade de conceder prórroga dos prazos da licenza, logo de solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

E no parágrafo 4 do citado artigo establécese que a concesión da prórroga está condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente, condición que non procede impoñer no presente caso, ao atoparse rematada por fora segundo así informa a arquitecta municipal.

Enténdese que a licenza concedida no seu día é conforme coa ordenación urbanística vixente por seguir a ser aplicables os parámetros do Plan Xeral de Ordenación municipal vixente ao tempo de concesión da licenza e da prórroga agora en cuestión, así como polo senso favorable no que emite a arquitecta municipal o informe á prórroga.

Procede, pois, acceder á prórroga no prazo de terminación por outros tres anos ao ser este o prazo inicialmente concedido no acto de concesión da licenza.”

Figuran taxas abonadas en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas por importe de 64,57 euros, (aplicable a taxa mínima, ao tratarse dun feito impositivo que non figura especificado nos epígrafes da dita ordenanza).

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da prórroga de licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder a [REDACTED], **prórroga** por un prazo de tres anos, da **licenza de obras** outorgada pola Xunta de Goberno local do Concello de Ames, o 21.01.2016, para **demolição parcial e rehabilitación de vivenda unifamiliar** situada no Lugar de [REDACTED] Parroquia de Ames (Santo Tomé), en Ames, referencia catastral [REDACTED]

Segundo. Notificar aos interesados no procedemento, con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Terceiro. Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos

Cuarto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2. Expediente: 2019/U003/0000 [REDACTED]

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, o 09.06.2016, concedeu licenza de obra a [REDACTED] co NIF núm. [REDACTED] para a **demolição de vivenda preexistente e construción dunha vivenda unifamiliar cun peche**, na finca rexistral [REDACTED] de Ames, referencias catastrais números [REDACTED] e [REDACTED] no Lugar de [REDACTED] Parroquia de Bugallido (San Pedro), en Ames.

Con data 07.05.2019 (registro de entrada 201900400000 [REDACTED]) o interesado, solicita unha prórroga da dita licenza de obras.

En canto ás consideracións legais nas que se fundamenta a concesión da prórroga, sinalar o seguinte, conforme se detalla nos informes que obran no expediente :

1ª.-“O art. 259.3 do Decreto 143/2016 polo que apróbase o Regulamento da Lei do Solo de Galicia contempla a posibilidade de conceder prórroga dos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. E cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No parágrafo 4 do citado artigo, establécese que a concesión da prórroga está condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente, condición que non procede impoñer no presente caso, ao atoparse rematada por fora segundo así informa a arquitecta municipal.

Enténdese que a licenza concedida no seu día é conforme coa ordenación urbanística vixente polo senso favorable no que emite a arquitecta municipal o seu informe, e por seguir a ser aplicables os parámetros

do Plan Xeral de Ordenación municipal vixente ao tempo de concesión da licenza e da prórroga agora en cuestión.

Procede, pois, acceder á prórroga no prazo de terminación por outros tres anos.”

2º-”Cómpre apuntar que, examinado o expediente de licenza de obra e a situación catastral actual da parcela na que constrúese, esta atópase sen regularizar no catastro, sendo discordante os datos da parcela segundo os títulos que obran no expediente de licenza de obra e os datos catastrais (entre outros, trátase dunha única finca rexistral e dúas catastrais, con superficies diferentes).

Isto non impide a concesión da prórroga da licenza en cuestión, mais a referida discrepancia deberá atoparse regularizada no momento de solicitar a licenza de primeira ocupación, entre outras razóns, pola esixencia de dar de alta no catastro a edificación para a que douse licenza ao remate desta, así coma para o cumprimento da obriga de cesión.”

Figuran taxas abonadas en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas por importe de 64,57 euros, (aplicable a taxa mínima, ao tratarse dun feito impositivo que non figura especificado nos epígrafes da dita ordenanza).

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da prórroga de licenza de obras solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder a [REDACTED] con NIF: [REDACTED], **prórroga**, por un prazo de tres anos, da **licenza de obras** que foi outorgada pola Xunta de Goberno local o [REDACTED].2016, para a demolición de vivenda preexistente e construción dunha nova vivenda unifamiliar cun peche, na finca rexistral [REDACTED] sita no lugar de [REDACTED] parroquia de Bugallido (San Pedro) de Ames, que se corresponde coas fincas con referencias catastrais [REDACTED].

Segundo. Lémbrese a obriga de regularizar no catastro as parcelas sobre as que se constrúe ao abeiro da licenza prorrogada, nos termos expostos no corpo deste acordo, e ao remate da edificación, incorporar tamén a mesma no catastro. O que realizarse cara á formalización do cumprimento do deber de cesión para regularización do viario, así coma cara a solicitude de licenza de primeira ocupación ao remate da obra en cuestión.

Lémbrese así mesmo que se atopa pendente de formalizar o deber de cesión ao Concello de terreos para regularización do viario público, deber que condicionaba a licenza de obra obxecto da presente prórroga. No momento de solicitar a licenza de primeira ocupación deberá haberse cumprimentado esta obriga coa aceptación polo Concello.

Terceiro. Notificar aos interesados no procedemento, con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Cuarto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos

Quinto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SEXTO. LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1. Expediente : 2019/U007/0000 [REDACTED]

Dase conta da solicitude achegada por [REDACTED], co NIF [REDACTED], de licenza de **primeira ocupación** de **vivenda unifamiliar** construída na parcela situada no **Lugar de**

[redacted] Parroquia de Ortoño, en Ames, referencia catastral [redacted]. (expediente 2019/U007/0000 [redacted]).

A licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar e peche foille outorgada ao interesado, pola Xunta de Goberno local do [redacted].2017 (expediente 2017/U022/0000 [redacted]).

Figura no expediente, entre outra documentación, o correspondente certificado final de obra, asinado polos técnicos directores das obras e visado do 7 de marzo de 2019, polos colexios correspondentes.

Constan no expediente achegas posteriores de documentación complementaria da solicitude.

Figura no expediente acreditación do cumprimento da obriga dos propietarios de solo de núcleo rural da cesión de balde ao Concello de terreos para a regularización do viario, formalizado mediante escritura pública outorgada o 13.06.2014 ante o Notario Manuel María Romero Neira por [redacted] (número de protocolo [redacted] polo que se formaliza a cesión cun total de 266,00 m² (dos que 48,00 m² corresponden á parcela de resultado que nos ocupa). Figura a aceptación da dita cesión, por acordo da Xunta de Goberno Local do [redacted]/2014.

Figuran aboadas taxas polo importe de 96,85 euros, en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: por ocupación de vivendas unifamiliares de 201 m² a 400 m² de superficie construída, neste caso, 277,74m²).

Non consta cumprimento por parte os titulares dos dereitos de propiedade da obriga de formalizar a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario así como das alteracións das súas características (artigo 13 do TRLCI) , transcorrido o prazo de dous meses desde a certificación final de obra. Dita omisión que pode ser constitutiva dunha infracción da normativa catastral, polo que procedería dar traslado á Xerencia Territorial de Catastro aos efectos oportunos.

Datos para traslado aos servizos de tesourería e recadación:

Axentes da edificación:

- Promotores: [redacted]
- Construtor: Construcciones Alcalde García S.L. B-70203666
- Director de obra: Francisco Javier Fernández Echeverría (arquitecto COAG Nº 1969)
- Director de execución: Javier Martínez Porteiro (arquitecto técnico COAAT Nº 2798)

Tributos:

a) Taxa por expedición de licenza urbanística:

Licenza de obra: superficie 277,74 m²: 200 m² x 0,33 €/m²= 66 € + 77,74 m² x 1,61 €/m² = 125,16 € + 129,14 € cartel de obra, Total taxas 320,30 €

ICIO:

Liquidación provisional: [redacted]

Liquidación final de unidades de obra executada: 1 [redacted]

Figuran ademais os informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder a licenza de **primeira ocupación** solicitada por [REDACTED] da **vivenda unifamiliar** construída na parcela coa referencia catastral [REDACTED] situada no **Lugar de [REDACTED]**, Parroquia de Ortoño (San Xoán) en Ames, obra executada ao abeiro do proxecto para o que se concedeu licenza, segundo certifican o arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría (colexiado número 1969) e o arquitecto técnico Javier Martínez Porteiro (colexiado 2798).

A licenza de obras foi autorizada pola Xunta de Goberno local do [REDACTED].2017 (expediente 2017/U022/000 [REDACTED]).

Segundo. Dar traslado aos servizos de Tesouraría e recadación aos efectos de eventuais actuacións de inspección ou comprobación co fin de practicar liquidación definitiva (art. 103.1 TRHL).

Terceiro. Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Xerencia Territorial de Catastro aos efectos oportunos.

Quinto. Notificar aos interesados o presente acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2.Expediente : 2019/U007/0000 [REDACTED]

Dáse conta da solicitude achegada por [REDACTED], de licenza de **primeira ocupación** dunha **vivenda unifamiliar**, de tipo apareado, construída na parcela coa referencia catastral [REDACTED], situada no Lugar de [REDACTED] (Lugar de [REDACTED], enderezo postal), Parroquia de Covas, en Ames (A Coruña).

Trátase da parcela de resultado denominada parcela 2, resultante da segregación autorizada pola Xunta de Goberno local do [REDACTED].2016. (expediente 2016/U018/0000 [REDACTED]).

A licenza de obras foi concedida á devandita interesada e a [REDACTED] Q, pola Xunta de Goberno Local do [REDACTED].2017 (expediente 2016/U022/0000 [REDACTED]).

Figura certificado final de obra, de 03.12.2018, asinado polos técnicos directores das obras e visado polos colexios correspondentes.

Constan no expediente achegas de documentación complementaria da solicitude.

Figura no expediente acreditación do cumprimento da obriga dos propietarios de solo de núcleo rural da cesión de balde ao Concello de terreos para a regularización do viario, formalizado mediante artigo 24 Lei do Solo de Galicia, o cal cumpríuse mediante a formalización na escritura pública outorgada o [REDACTED]. 2016 ante a Notaria Inmaculada Espiñeira Soto por [REDACTED] (número de protocolo [REDACTED]) pola que se formalizou a cesión dun total de 392,77 m² (a superficie correspondente á licenza de obras autorizada o 26.01.2017 é de 17,04 m²). A aceptación da cesión da superficie global realizouse mediante resolución da Alcaldía do [REDACTED] de outubro do 2016 (decreto [REDACTED]/2016).

Non consta cumprimento por parte os titulares dos dereitos de propiedade da obriga de formalizar a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario así como das alteracións das súas características (artigo 13 do TRLCI), transcorrido o prazo de dous meses desde a

certificación final de obra. Dita omisión que pode ser constitutiva dunha infracción da normativa catastral, polo que procedería dar traslado á Xerencia Territorial de Catastro aos efectos oportunos.

Figuran aboadas taxas polo importe de 96,85 euros, en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: por ocupación de vivendas unifamiliares de 201 m² a 400 m² de superficie construída, neste caso, 320,24 m²

Datos para traslado aos servizos de tesourería e recadación:

Axentes da edificación:

- Promotores: [REDACTED]
- Construtor: Tente construcciones modulares S.L.
- Director de obra: Alfonso Salgado Suárez (COAG 1913) e Francisco Xavier Liñares Tüñez (COAG número 2674). Arquitectos.
- Director de execución: José Castor Campos Rodríguez, arquitecto técnico (COAAT 2109)

Tributos:

a) Taxa por expedición de licenza urbanística:

Licenza de obra: superficie 320,24 m²: 200 m² x 0,33 €/m²= 66 € + 120,24 m² x 1,61 €/m² = 193,59 € + 129,14 € cartel de obra, Total taxas 388,73 €

ICIO:

Liquidación provisional: [REDACTED]

Liquidación final de unidades de obra executada: [REDACTED]

Figuran ademais os informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder a [REDACTED] licenza de **primeira ocupación** dunha **vivenda unifamiliar** construída na parcela coa referencia catastral número [REDACTED], situada no **Lugar de [REDACTED]**, Parroquia de **Covas** (Santo Estevo) obra executada ao abeiro do proxecto para o que se concedeu licenza, segundo certifican os arquitectos Alfonso Salgado Suárez (COAG 1913) e Francisco Xavier Liñares Tüñez (COAG número 2674) e o arquitecto técnico José Castor Campos Rodríguez (COAAT 2109).

A licenza de obras foi concedida á devandita interesada e a [REDACTED], pola Xunta de Goberno Local do [REDACTED].2017 (expediente 2016/U022/0000 [REDACTED])

Segundo. Dar traslado aos servizos de tesouraría e recadación aos efectos de eventuais actuacións de inspección ou comprobación co fin de practicar liquidación definitiva (art. 103.1 TRHL).

Terceiro. Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Cuarto. Dar traslado do acordo á Xerencia Territorial de Catastro aos efectos referidos no corpo deste acordo.

Quinto. Notificar aos/ás interesados/as o presente acordo así como o réxime de recursos que

procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN :

PUNTO SÉTIMO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA DE REXENERACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE BERTAMIRÁNS DO CONCELLO DE AMES.

Expediente: 2019/C003/000022

A Xunta de Goberno local do 28.11.2019, aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado varios criterios de adxudicación e tramitación anticipada, das obras de rexeneración do campo de fútbol de céspede artificial do recinto deportivo municipal de Bertamiráns do Concello de Ames, convocando a súa licitación.

A Xunta de Goberno Local, do 05.03.2020, acordou a clasificación, por orde decrecente de puntuación, das empresas participantes e declaradas admitidas no procedemento de licitación, resultando clasificada en primeiro lugar, á empresa **Prace Servicios Y Obras SA** con CIF A-70319678,

A empresa clasificada en primeiro lugar, Prace Servicios Y Obras SA, foi requirida para a presentación de documentación previa á adxudicación, sendo achegada a mesma no prazo conferido ao efecto, ao través da Plataforma de Contratación do Estado.

A mesa de contratación reúnease con data 19.05.2020 aos efectos da valoración da mesma, sendo valorada positivamente dita achega de documentación, e acordando solicitar a Calderón & Asociados informe de valoración das probas físicas presentadas pola empresa no rexistro do Concello de Ames, en canto ao cumprimento dos requisitos establecidos nos PCAP,

Figura informe ao respecto en senso favorable por parte de Calderón & Asociados, de data 25.05.2020.

A mesa de contratación, na súa reunión do día 28.05.2020, valorado positivamente dito informe técnico, formulou proposta de adxudicación do contrato das obras de rexeneración do campo de fútbol de céspede artificial do recinto deportivo municipal de Bertamiráns do Concello de Ames, a favor da empresa Prace Servicios Y Obras SA, por ser a oferta máis vantaxosa para a administración.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (Informe 225/2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Adxudicar o contrato das obras de rexeneración do campo de fútbol de céspede artificial do recinto deportivo municipal de Bertamiráns, do Concello de Ames, á empresa **Prace Servicios Y Obras S.A.** con **CIF A-70319678**, e nas seguintes condicións:

A.- O **importe** da oferta do dito licitador ascende á contía de douscentos cincuenta e sete mil novecentos seis euros e sesenta e un céntimos (257.906,61 €).

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de cincuenta e catro mil cento sesenta euros e trinta e nove céntimos (54.160,39.- €).

C.- **Duración do contrato:** A duración inicial do contrato será de 35 días hábiles, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D.- **Nomear como director facultativo** da obra ó arquitecto redactor do proxecto [REDACTED], da empresa Calderón & Asociados, e como **coordinador de seguridade e saúde** á empresa Gallega de Coordinacións SL, que designará un técnico cualificado para realizar a función durante a fase de execución da obra.

E.- **Representante do órgano xestor:** [REDACTED] técnico do departamento de deportes do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

F.- O contratista ofertou un prazo de garantía de catro anos, o que supón un aumento do prazo de garantía de catro anos respecto ó prazo de garantía que figuraba no prego, o que fai un prazo de **garantía total de cinco anos**.

G.- **Traballadora desempregada:** O contratista comprométese, a cumprir coa condición especial de execución deste contrato, a contratación dunha traballadora desempregada a xornada completa, que xustificará coa presentación da primeira certificación de obra emitida.

H.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Terceiro. Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo pon fin á vía administrativa e pode ser recorrido:

1 Potestativamente en reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes dende a notificación do acordo, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se se opta pola interposición do recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaído resolución en dito prazo entenderase desestimado, e poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación de dita resolución. Se a resolución non fora expresa o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.

2 Directamente ante a vía contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo, na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición contencioso-administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo).

3 Interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Quinto. Facultar ao alcalde de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

FÓRA DE ORDE

PUNTO OITAVO. APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS CAMPAMENTOS URBANOS DE NATUREZA DO CONCELLO DE AMES.

Expediente: 2020/X999/000125

O Concello de Ames, ten intención de organizar o programa "En Ames, Naturalmente, campamentos urbanos de natureza", conforme á proposta conxunta da Concellería de Transición Ecolóxica, Medio Rural e Turismo, e Concellería de Mocidade e Normalización Lingüística . O programa e as bases foron aprobadas polo decreto 1213/2020.

Figura informe técnico da Técnica do departamento de Mocidade e da Técnica do departamento de Medio Ambiente, en relación á proposta anterior, así como o estudo económico, na que se avalían os custos e se fixan os prezos para cada quenda dos campamentos.

Visto o artigo 6 da Ordenanza 2 de prezos públicos, que establece a delegación na Xunta de Goberno Local do establecemento das tarifas para o suposto de que a actividade cultural ou deportiva a prestar polo Concello non se encontre tarifada na presente Ordenanza.

Visto o informe favorable emitido pola Tesourería Municipal e visto o de Intervención Municipal (227/2020) sobre a existencia de crédito no orzamento para a cobertura do custo non financiado cos prezos públicos.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o prezo público para os campamentos urbanos de natureza do Concello de Ames, que figuran como Anexo I deste acordo.

Segundo. Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP, como na páxina web do concello e nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio permanecerá exposto dende o día seguinte ao da adopción do presente acordo ata que a actividade teña rematado.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados.

Cuarto. Dar conta deste acordo na primeira sesión de comisión informativa de economía e facenda que teña lugar.

Quinto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I

	USUARIOS	Bonificación	Prezo Público
EDUCACIÓN PRIMARIA (1º - 6º) 1º QUENDA 22 - 30 DE XUÑO	Usuarios sen bonificación	-----	50,00 €
	Familias numerosas de categoría especial.	50 %	25,00 €
	Familias de especial consideración.	20%	40,00 €
	Usuarios/as de emerxencia social	a Criterio dos Servizos Sociais	-----

EDUCACIÓN PRIMARIA (1º - 6º) 2º QUENDA 6- 17 DE XULLO	Usuarios sen bonificación	-----	50,00 €
	Familias numerosas de categoría especial.	50 %	25,00 €
	Familias de especial consideración.	20%	40,00 €
	Usuarios/as de emerxencia social	a Criterio dos Servizos Sociais	-----
EDUCACIÓN PRIMARIA (1º - 6º) 3º QUENDA 20 - 31 DE XULLO	Usuarios sen bonificación	-----	50,00 €
	Familias numerosas de categoría especial.	50 %	25,00 €
	Familias de especial consideración.	20%	40,00 €
	Usuarios/as de emerxencia social	a Criterio dos Servizos Sociais	-----
EDUCACIÓN SECUNDARIA (1º - 2º) 1º QUENDA 6- 17 DE XULLO	Usuarios sen bonificación	-----	50,00 €
	Familias numerosas de categoría especial.	50 %	25,00 €
	Familias de especial consideración.	20%	40,00 €
	Usuarios/as de emerxencia social	a Criterio dos Servizos Sociais	-----
EDUCACIÓN SECUNDARIA (3º - 4º) 2º QUENDA 20 - 31 DE XULLO	Usuarios sen bonificación	-----	50,00 €
	Familias numerosas de categoría especial.	50 %	25,00 €
	Familias de especial consideración.	20%	40,00 €
	Usuarios/as de emerxencia social	a Criterio dos Servizos Sociais	-----

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás nove horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo